

A PARTICIPACIÓN PÚBLICA NA PLANIFICACIÓN FORESTAL. UNHA OPORTUNIDADE OU UNHA NECESIDADE PARA A SÚA APLICACIÓN EN GALICIA

XABIER BRUÑA GARCÍA / MANUEL FRANCISCO MAREY PÉREZ¹
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 10 de marzo de 2011

Aceptado: 14 de xullo de 2011

Resumo: A participación social na toma de decisións vinculadas á planificación e á ordenación do territorio constitúe un paso fundamental para acadar solucións viables e duradeiras. Neste sentido, a participación pública convértese nunha clara necesidade da sociedade moderna para tomar determinacións e construír consenso social na xestión dos recursos naturais, en particular, e na gobernanza do territorio, en xeral. Dentro do subsector forestal estanse dando os primeiros pasos para que a participación pública sexa incluída nos distintos procesos da ordenación e da xestión dos montes. Porén, e despois de revisar a literatura científica sobre esta cuestión, este estudo pon de manifesto que a participación pública é un dos piares básicos da planificación forestal, principalmente no nivel estratéxico, podendo representar unha das oportunidades para a súa aplicación en Galicia.

Palabras clave: Participación pública / Planificación forestal / Planificación participada / Toma de decisións consensuada.

PUBLIC PARTICIPATION IN FOREST PLANNING. AN OPPORTUNITY OR NEED FOR APPLICATION IN GALICIA

Abstract: The social participation in decision-making processes inland planning and management is a key step in order to achieve viable and lasting solutions. In this sense, public participation is becoming a clear need for modern society with the aim of taking determinations and building social agreement on management of natural resources in particular, and on governance of the territory in general. Within the forestry subsector, first steps are taking in order to include public participation in several processes related to forest planning and management. Therefore, after reviewing the scientific literature on this matter, the present study shows that public participation is one of the fundamental pillars of forest planning, particularly at the strategic level, and may represent one of the opportunities for application in Galicia.

Keywords: Public Participation / Forest planning / Planning participated / Decisions making consensus.

1. INTRODUCCIÓN

A planificación dos recursos forestais é unha actividade claramente complexa, principalmente asociada á multiplicidade de criterios que participan no proceso de toma de decisións (Díaz Balteiro e Romero, 2008). Un dos criterios que cómpre ter en conta son os aspectos sociais, e dentro destes unha das cuestións que máis interese está xerando é a arquirrenomeada participación pública.

A necesidade de incluír aspectos de carácter social na planificación dos montes en Galicia parte dos denominados “plans de ordenación dos recursos forestais”

¹ Queremos agradecer a revisión feita polos avaliadores anónimos que, sen dúbida, fixo que este artigo mellorase en gran medida a súa calidade.

(PORF), instrumentos de ordenación forestal cuxa elaboración determinou o inicio dunha liña de investigación centrada na análise da participación pública dentro do sector forestal. Desda investigación xorde, en primeiro lugar, este traballo, como revisión da literatura científica nesta materia, permitindo sacar conclusións interesantes para a súa aplicación nos dezanove distritos forestais nos que se divide administrativamente a planificación forestal en Galicia².

A busca de información dispoñible permitiu estruturar os resultados obtidos en catro grandes áreas temáticas que, a súa vez, forman o corpo principal deste artigo: que é a participación pública?, antecedentes e evolución da participación pública na planificación forestal, bases para o éxito da participación pública no sector forestal e, por último, o estudo de casos e a súa aplicación no territorio.

2. QUE SE ENTENDE POR PARTICIPACIÓN PÚBLICA NA PLANIFICACIÓN FORESTAL?

Hai distintas aproximacións e definicións que intentan concretar o concepto de participación pública no eido forestal. Así, recentemente a COST Action FP0804: FORSYS (2010) define a participación pública como o proceso no que os cidadáns se implican no medio ou na toma de decisións relacionadas cos recursos naturais que teñen un efecto neles. Noutros termos, e de forma máis xenérica, a participación pública sería o proceso mediante o cal os individuos toman decisións sobre as institucións, os programas e os medios que lles afectan (Glück, 1999; Shannon, 1999).

Na súa formulación inicial, a participación considérase un proceso de concienciación a través do cal as persoas comezan a comprender os seus papeis políticos, e a necesidade de conciliación lexítima e contribución (Sewell e O'Riordan, 1976). Deste xeito, a participación convértese nun principio básico que proporciona transparencia e intercambio de información, é dicir, é un requisito que permite construír consenso (Glück, 1999; Shannon, 1999). A participación, polo tanto, trae consigo mesmo realización e propiedade (Dovie, 2003). Nun sentido moderno, a participación pública é un proceso voluntario onde as persoas –individualmente ou a través de grupos organizados– poden intercambiar información, expresar opinións e articular intereses, potenciando a determinación dun resultado final (ILO, 2000; Aasetre, 2006; Atmis *et al.*, 2007).

Desde o punto de vista da cidadanía, a participación pública na planificación forestal comprende actividades que afectan á formulación, adaptación e desenvolvemento de políticas públicas, e/ou que afectan á formación de comunidades políticas en asuntos ou institucións de interese público que, neste caso, é o subsector forestal.

² Decreto 43/2008, de 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia (DOG, nº 52, de 13/03/08).

Desde o punto de vista da Administración, a participación social é o esforzo do equipo de planificación forestal para achegarlle de forma continuada ao público un amplo rango de oportunidades para influír na ordenación e na xestión dos montes, analizando e avaliando sistematicamente para incorporar na medida do posible as achegas públicas resultantes nos plans forestais (Domínguez *et al.*, 2005).

Desde a perspectiva concreta da paisaxe, a participación pública é a capacidade da poboación local para decidir e desenvolver as súas propias regras e estruturas que garantan o uso, mantemento e desenvolvemento das paisaxes que satisfagan as necesidades actuais e das xeracións futuras (Penker, 2009). Polo tanto, unha xestión eficiente da paisaxe debe reflectir as preferencias da sociedade, o que supón ter en conta como e por que os cidadáns distinguen, aprecian e valoran de forma diferente distintos escenarios naturais (Kaplan *et al.*, 1998).

3. OS COMEZOS E A HISTORIA DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA NA PLANIFICACIÓN FORESTAL

Reforzar o papel da sociedade en materia de planificación está enraizado en consideracións tanto filosóficas como pragmáticas, de forma que nas sociedades democráticas existe a crenza xeneralizada de que os individuos teñen dereito a ser informados, consultados e mesmo permitirilles compartir o poder decisorio sobre aquelas cuestións que lles poidan afectar (Germain *et al.*, 2001). O ideal estaría nun goberno democrático, representativo, e designado para canalizar e assimilar información entre gobernantes e gobernados (Sewell e O'Riordan, 1976; Buchy e Hoverman, 2000; Germain *et al.*, 2001).

No campo dos recursos naturais, o movemento ambiental desencadeado internacionalmente a partir da década de 1960, determinou que a sociedade comezase a esixir progresivamente ter voz na toma de decisións que afectasen ás terras públicas e, especialmente, aos bosques (Scardina *et al.*, 2007). Desde a década dos anos setenta do pasado século, a reavaliación do valor de coñecemento local conduciu as notables peticións de participación social en proxectos nos que se conxugaron complementariamente os coñecementos da poboación local cos coñecementos dos grupos expertos (Martin, 2002).

No ano 1980, o informe Brundtland indicaba que a equidade se vería favorecida mediante sistemas políticos nos que a participación cidadá asegurara a toma de decisións e, polo tanto, vinculaba directamente a participación pública co desenvolvemento sostible. Nesa mesma liña, autores como Primmer e Kyllönen (2006) concluírían que, aínda que a participación pública, en principio, foi un medio para xerar información ambiental relevante na toma de decisións, hoxe en día é o núcleo do concepto de desenvolvemento sostible. Actualmente, a participación do público na toma de decisións no subsector forestal é considerada unha parte indiscutible para alcanzar a sostibilidade dos recursos forestais (Kangas *et al.*, 2005).

Así, a Axenda 21, aprobada na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio e o Desenvolvemento, que tivo lugar en Rio de Xaneiro no ano 1992, establecía nun dos seus preámbulos que “*un dos requisitos fundamentais para acadar o desenvolvemento sostible é a ampla participación da opinión pública na adopción de decisións. Ademais, no contexto máis concreto do medio e do desenvolvemento, fíxose evidente a necesidade de empregar novas formas de participación*”. Os enfoques participativos son, en definitiva, argumentos esenciais na aplicación do principio de precaución de Rio (Primmer e Kyllönen, 2006).

Algúns economistas avogan polos métodos ecolóxicos das decisións participativas, nas que as persoas actúan como cidadáns en lugar de facelo como consumidores (Swedeen, 2006). Actualmente é amplamente aceptado que os métodos participativos son os métodos máis eficaces para lograr a xestión sostible dos recursos e, cada vez con máis frecuencia, as comunidades locais esixen ter maior voz e influencia na forma en que estes son xestionados (Leskinen, 2004; Mendoza e Prabhu, 2006). Isto require unha participación claramente máis activa e directa por parte dun maior número de interesados, incorporando na planificación os intereses, as percepcións e as visións que a sociedade teña dos recursos forestais.

Aínda que a participación pública non é un concepto novo, a súa presenza na planificación forestal é relativamente recente, sendo unha práctica especialmente pouco común a nivel local, en terras *non industrial private forest* (NIPF), isto é, en montes privados individuais de carácter non industrial (Leskinen, 2004). Cada vez máis persoas están interesadas en alcanzar un maior control no proceso de toma de decisións e en influír nas prácticas de xestión forestal (Buchy e Hoverman, 2000). Polo tanto, os profesionais forestais necesitan cada vez máis comunicar e transferir as súas ideas e accións non só con outros profesionais, senón tamén coa ampla escala de partes interesadas non profesionais (Tyrväinen *et al.*, 2006). Como indican Sugimura e Howard (2008), a participación das partes interesadas na planificación forestal é especialmente importante nas últimas etapas do proceso de zonificación do monte.

Segundo Ojha *et al.* (2009), a busca de estratexias eficaces para a protección dos recursos forestais e a mellora da calidade de vida da poboación dependente deles determinou nas últimas décadas a elaboración de varios enfoques participativos na gobernanza forestal a nivel mundial. Neste sentido, a participación pública é presentada hoxe en día como unha palabra clave no subsector forestal –se non é a palabra clave–, e supón proporcionar un novo marco para calquera tipo de toma de decisións na materia (Kouplevatskaya-Yunusova e Buttoud, 2006).

Como xa se indicou con anterioridade, a participación social pode ser unha ferramenta indiscutible para mellorar a ordenación forestal sostible (ILO, 2000; Atmis *et al.*, 2007), converténdose en moitos países no eixe director para promover un manexo forestal sostible a nivel estratéxico, especialmente nos bosques públicos ou estatais (Buchy e Hoverman, 2000; Sheppard e Meitner, 2005; Hiltunen *et al.*, 2009).

En España, a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes –modificada pola Lei 10/2006, de 28 de abril–, esixe para a planificación forestal a participación pública e a consulta aos interesados, sendo relativamente “compatibles” cos “plans de ordenación dos recursos naturais” (González, 2007; Marey Pérez, 2007). Posteriormente, o proceso de participación pública veríase reforzado a nivel nacional coa aprobación da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que establece o proceso de participación social nas diferentes etapas de elaboración e aprobación dun plan, pasando a ser un pilar básico na planificación forestal (Marey Pérez, Aboal e Bruña, 2007).

4. EIXES REITORES DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA NO SECTOR FORESTAL

4.1. FINALIDADE

A participación pública pode ser considerada como un fin en si mesma ou como un medio para alcanzar un fin, como ética da actuación ou como ferramenta de xestión (Buchy e Hoverman, 2000).

Segundo Buchy e Hoverman (2000), unha boa planificación participativa caracterizaríase por presentar catro principios básicos: a) compromiso e claridade, b) cantidade de tempo asignado ao proceso, c) representatividade das persoas implicadas, e d) transferencia de competencias e coñecementos. Por outra banda, a aprendizaxe, a construción de relacións, o intercambio de coñecementos e a representación de intereses son recoñecidas como dimensións do éxito na participación pública (Shindler e Neburka, 1997; Richard e Burns, 1998; Tuler e Webler, 1999; McCool e Guthrie, 2001; Leskinen 2004).

Sen lugar a dúbidas, todo proceso de participación pública debe versar en garantir a equidade, a representatividade e a transparencia (Buchy e Hoverman, 2000, Kangas *et al.*, 2005). Desta forma, a planificación participativa pode ser empregada para evitar conflitos, compartir información entre axentes partícipes e promover relacións estreitas e construtivas coa organización promotora da planificación (Hilström, 2001; Kangas e Store, 2003; Janse e Konijnendijk 2007; Hiltunen *et al.*, 2009). Así, o desenvolvemento de “programas forestais nacionais” –*national forest programmes* (NFP)– participativos é un reto, e pode contribuír nos procesos de democratización de diversas formas: a través do reforzo da transparencia das decisións políticas, favorecendo a comunicación e os procesos de decisión máis pluralistas, estimulando unha aprendizaxe mutua, e aumentando a conciencia de responsabilidade colectiva para as cuestións forestais (Elasser, 2002). Cada vez máis a participación pública é recoñecida como un instrumento para a xestión ambiental grazas á construción de consenso, á xestión de conflitos, á colaboración para a resolución de problemas e á negociación na toma de decisións (Hjortso, 2004).

En resumo, a moderna participación pública debe conducir as persoas a traballar na planificación sostible dos bosques e na súa xestión, permitindo a creación de asociacións entre interesados e promotores co fin de lograr un maior recoñecemento das complexas interrelacións entre o medio, a economía e os procesos sociais (Panagopoulos, 2009). Neste sentido, as novas metas para a participación pública baseadas no desenvolvemento sostible e nas políticas de desenvolvemento deberían: 1) xerar nova información, 2) incorporar a todos os interesados, e 3) contribuír a alcanzar un acordo público (Primmer e Kyllönem, 2006).

4.2. A IMBRICACIÓN ENTRE O TÉCNICO E O SOCIAL

Aínda que o campo científico propuxo novas formas de conceptualizar a relación entre ciencia e sociedade (Grundmann, 2009), actualmente existe un acordo sorprendentemente estable entre os investigadores para resolver o dualismo que existe entre natureza e sociedade: “*Necesitamos unha nova linguaxe, con novas metáforas e categorías*” (Gerber, 1997). Como suxire Purdon (2003), precisamos novas formas de pensamento na xestión sostible dos bosques co fin de evitar oposicións binarias. Así, Pelkonen *et al.* (1999) indican que os aspectos tecnolóxicos e ecolóxicos son claramente importantes na determinación da silvicultura específica para un determinado contexto, pero que son os aspectos sociais os que constitúen a silvicultura como tal; os cambios na sociedade represéntanse no propio modelo silvícola como unha mostra das interaccións sociais nun momento e nun lugar determinados. Polo tanto, nun sentido moderno os conceptos de co-xestión e ordenación dos ecosistemas inclúen a idea de integrar a perspectiva ecolóxica con perspectivas sociais e culturais (Leskinen, 2004), requiríndose unha ciencia máis activa para coa sociedade civil co fin de mellorar a transparencia e a participación no subsector forestal (Purdon, 2003).

O propio proceso de política forestal implica un conxunto de intereses privados, organismos públicos, marco legislativo, grupos de avogados e asociacións xudiciais, así como organizacións non gobernamentais (ONG) representativas das accións de expansión do público (Janse e Konijnendijk, 2008). Estas últimas gañaron influencia especialmente na política forestal (Weber e Christophersen, 2002), polo que as axencias de xestión de recursos en todo o mundo empregan cada vez máis o proceso de participación pública como medio para involucrar os cidadáns afectados polas decisións de planificación (Hjortsø, 2004). Á luz destes, a conexión entre os conceptos de *interface* ciencia-política e participación pública pode dar lugar a unha nova *interface* “*público-ciencia-política*” (Janse e Konijnendijk, 2008).

White *et al.* (2009) propoñen unha nova perspectiva sobre a base teórica da ciencia, fronte aos conflitos da biodiversidade, a través dun enfoque que mestura perspectivas científicas e métodos sociais. Nesta mesma liña, os resultados do estudo de Janse e Konijnendijk (2008) confirman que un conxunto de ferramentas

que inclúa un proceso gradual para informar ao público dunha forma atractiva, a recollida de información sobre a opinión pública ou o uso de enfoques participativos como participación directa na toma de decisións son mellores para garantir a inclusión social na planificación. Deste xeito, a incorporación de factores sociais melloraría a zonificación forestal (Sugimura e Howard, 2008).

4.3. PUNTOS DE PARTIDA

4.3.1. Preferencias

Diversos estudos científicos teñen analizado as actitudes e preferencias das distintas partes que interveñen no subsector forestal, achegando algunhas cuestións que cómpre ter en conta nos procesos de participación social. Así, o traballo de Nijnik *et al.* (2008) sobre a opinión pública no papel dos bosques en Escocia distingue seis grupos de actitudes: *pragmáticas, visualistas idealistas, ecoloxistas radicais, ambientalistas progresistas, visualistas utilitarios e realistas.*

Mbatu (2009), mediante a utilización de enquisas e a verificación de metodoloxías no terreo para determinar as preocupacións dos individuos coa perda de bosque e o seu impacto en Camerún, conclúe que unha solución duradeira ao problema da deforestación nacional depende da participación de todos os interesados no desenvolvemento e na aplicación de políticas de conservación forestal, así como o correspondente compromiso solidario.

Unha revisión de enquisas cuantitativas realizadas entre os anos 1972 e 2006 sobre as preferencias públicas das estruturas dos bosques públicos de Finlandia, Noruega e Suecia revela que estas son bastante estables no tempo, valorando de xeito positivo a xestión forestal, a diversidade, a mestura de especies e a paisaxe (Gundersen e Frivold, 2008).

O estudo de Hansmann *et al.* (2006), no que se realizou unha enquisa a 175 persoas de Suíza e no que se avaliaba as súas preferencias sobre os produtos de madeira con etiquetas de sustentabilidade, conclúe que os aspectos sociais e ecolóxicos dos bosques adquiren maior importancia que os económicos, correlacionándose positivamente coas intencións a favor de compras verdes de produtos certificados.

Segundo Nijnik *et al.* (2008), Europa caracterizaríase pola falta de comparabilidade entre as preferencias do público e as dos expertos, feito que é significativo para a toma de decisións. Por outra banda, os resultados do estudo de Janse (2008), no que se analiza a comunicación entre científicos e encargados de formular as políticas forestais en Europa, indican a importancia de aumentar o contacto persoal e o intercambio entre científicos e políticos, que a información científica debe presentarse en formatos curtos e máis doados de comprender, e que os científicos deben estar implicados o antes posible en consultoría política.

Os resultados do estudo de Tilt *et al.* (2007), realizados en dúas pequenas vilas do oeste de Washington (EE.UU.), suxiren a necesidade de ter en conta as pers-

pectivas dos axentes locais. Polo que respecta ao proceso de colaboración nas paisaxes rurais, pouco se sabe, e a investigación recente está a traballar na incorporación das preferencias locais e na superación dos obstáculos da participación (Collier e Scott, 2009). Neste sentido, as preferencias do público con respecto ás paisaxes forestais difiren en gran medida das prácticas de ordenación forestal (Nielsen *et al.*, 2007).

Nunha investigación levada a cabo en Galicia por Prada Blanco, Vázquez Rodríguez e Soliño Millán (2005), realizada a dúascentas persoas –sen vinculación con estudos ou profesións ambientais da contorna metropolitana de Santiago, Lugo e Pontevedra– sobre a percepción con respecto a certos aspectos das paisaxes de montaña relacionadas con plantacións forestais e co abandono das terras agrícolas, conclúese que existe unha preferencia pola repoboación ou recuperación do bosque tradicional de densidade media-baixa, non coetánea e sen tratamentos lineais, fronte ás plantacións de eucaliptos ou piñeiros. Ademais, esta investigación confirma que a metodoloxía empregada para obter un indicador da preferencia relativa a diferentes características das paisaxes é útil para coñecer como percibe a xente as alternativas de xestión forestal.

4.3.2. Necesidades

Segundo Ananda e Herath (2008), as decisións políticas relacionadas coa xestión forestal son complexas debido á propia natureza multifuncional dos bens e servizos proporcionados polo bosque, á dificultade de valorar monetariamente os servizos ecolóxicos e á participación dun gran número de partes interesadas. Polo tanto, os procesos de participación pública na planificación forestal requiren unha serie de cuestións mínimas que se converten en necesidades básicas.

Así, os resultados do traballo de Stenseke (2009) amosan que a confianza, a comunicación e a influencia local son ingredientes vitais nun enfoque participativo. Ademais, a calidade da interacción entre os xestores forestais e os interesados é un factor de importancia para o éxito da participación nos procesos de planificación (Buchy e Hoverman, 2000; Thompson *et al.*, 2005; Berminger *et al.*, 2009). É necesario proporcionarlles aos participantes no proceso de participación pública control sobre o proceso, sendo unha forma de control a oportunidade de expresar información e opinións (Hunt e McFarlane, 2007). Nesta mesma liña, un dos aspectos principais para lograr unha comunicación de éxito é que a información sexa comprensible para todos os participantes (Tyrvänen *et al.*, 2006). Como exemplo, a planificación urbana de Helsinki (Finlandia) demostrou que foi esencial un fluxo adecuado de información en todo o proceso para lograr o éxito na planificación participativa, así como o compromiso das autoridades para alcanzar as metas fixadas (Sipilä e Tyrvänen, 2005).

Tal e como indican diversos autores (Beierle e Cayford, 2002; Primmer e Kyllönen, 2006; Higgs *et al.*, 2008), os criterios nos procesos de participación pública

efectiva deben abordar e responder cuestións clave como, por exemplo, as seguintes: quen debe participar no proceso de decisión e en que momento?, que tipo de compromiso é o adecuado?, cantos influencia debería ter o público?, que papel debe desenvolver o Goberno?

Pero, sen lugar a dúbidas, o problema central de calquera exercicio de participación estará na representación (O'Neill, 2001; Elsasser, 2007). Malia existir un acordo internacional de que a participación é un dos principios básicos na elaboración de NFP (Mayer, 2004; Elsasser, 2007), non hai ningunha orientación concreta polo que respecta a quen debe estar implicado neste proceso (Barstad, 2004; Elsasser, 2007). O estudo de Elasser (2007), en relación co NFP alemán, conclúe que existen diferenzas significativas entre a poboación e os participantes do plan e, polo tanto, que hai que avanzar na lexitimización dos participantes na mesma participación. A identificación dos interesados e o estudo da súa representación poderán realizarse cun procedemento informal baseado en criterios tales como os dereitos de propiedade, a historia dos procesos de planificación, a reputación, a influencia e a importancia (Sheppard e Meitner, 2005).

A meta-revisión de Beierle e Cayford (2002), baseada nos resultados de máis de 250 estudos de participación publicados en EE.UU., sinala a necesidade de dispoñer de procesos de participación pública máis intensos, fronte a simples audiencias públicas.

4.4. TIPOLOXÍA DE PROCESOS CON PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Segundo a COST Action FP0804: FORSYS (2010), os procesos de toma de decisións con respecto á participación pública poden ser:

- *Ningunha*: non hai público ou participación das partes interesadas no proceso de decisión.
- *Pública*: o acceso e a participación no proceso de decisión son abertos (por exemplo, foro público).
- *Con público restrinxido*: o acceso é mediante invitación, non sendo necesario dispoñer de coñecementos específicos para informar e entrar no proceso de decisión (por exemplo, a participación de grupos da comunidade).
- *Con parte interesada*: os expertos e as partes interesadas proporcionan información e participan no proceso de decisión.

Existen varios graos de participación, desde a “*participación pasiva*”, na que os interesados son informados sobre as decisións tomadas por outros, ata a “*participación interactiva*”, na que se precisan decisións conxuntas e compartir responsabilidades (Germain *et al.*, 2001; Elasser, 2002; Higgs *et al.*, 2008). Polo tanto, a participación social pode adoptar diversas formas, que van desde as reunións públicas, as audiencias e os cuestionarios –centrados en grupos– ata os procesos deliberati-

vos máis complexos, sendo o obxectivo final permitir que os participantes teñan unha maior implicación nos procesos de decisión (Higgs *et al.*, 2008). Segundo Martins e Borges (2007), a planificación colaborativa atendería un caso especial de planificación participativa, onde todos os participantes involucrados comparten o poder na toma de decisións e están afectados directamente polas opcións de xestión.

A literatura ofrece varias tipoloxías de participación do público, representándose habitualmente mediante unha escala que parte dun fluxo unidireccional de información ata o poder completo nas decisións de auto-organización por parte dos cidadáns (Arstein, 1969; Pretty, 1994; Elcome e Baines, 1999; Buchy e Hoverman, 2000; Germain *et al.*, 2001; Dovie, 2003, Sugimura e Howard, 2008; Stenseke, 2009). Sendo coincidentes nunha gran parte dos distintos tipos, neste artigo propóñense os seguintes cinco niveis:

- 1) *Información*: fluxo unidireccional de información, sen vía pública para obter *feedback* ou negociación.
- 2) *Consulta*: a función pública revisa e comenta a través de audiencias e consultas, mentres que a autoridade mantén a decisión.
- 3) *Decisión*: os cidadáns e a autoridade tórnanse socios; o público comeza a ter influencia nas decisións, pode negociar e implícase en compensacións coas autoridades.
- 4) *Actuación*: os cidadáns teñen o control dominante sobre a toma de decisións das autoridades, sendo tamén responsables das decisións.
- 5) *Auto-organización*: os cidadáns teñen o control total; a máxima expresión do poder está na cidadanía, tomando iniciativas independentes das autoridades.

A participación pública, segundo Primmer e Kyllönen (2006), implicaría a participación igualitaria de diferentes grupos de interese, incluída a industria, os sindicatos ou outras organizacións non gobernamentais. Ademais, o seu uso contemporáneo implica formas máis directas de participación cidadá que o simple voto nas eleccións, ser membro dun partido político ou pertencer a un grupo recoñecido como un actor lexítimo na toma de decisións políticas. Limitar a participación só aos propietarios en moitas das decisións sobre o uso dos recursos naturais deixará fóra do espazo de decisión a demasiados grupos de relevancia. Isto implica que, ademais da participación de grupos de partes interesadas, a participación directa dos cidadáns ordinarios e a poboación local tamén é necesaria (Primmer e Kyllönen, 2006).

Por outra parte, para perfilar a demanda social de conservación dos espazos de montaña galegos da Rede Natura 2000, o traballo de investigación de Prada *et al.* (2005) –pioneiro en España– establece unha dobre opción: por un lado, estuda as preferencias individuais a través das preferencias declaradas dos métodos de experimentos de elección mediante a realización de seiscentas entrevistas aleatorias e,

por outro lado, realiza un estudo de preferencias colectivas a partir de preferencias reveladas mediante a aplicación da técnica Delphi a trinta presidentes de comunidades de montes veciñais en man común. Unha das conclusións do traballo de Prada *et al.* (2005) sinala que basearse só nas preferencias reveladas polos actuais usuarios directos –visitantes– pode constituír un erro, ao deixar fóra as tres cuartas partes do valor total de conservación, sen incluír os valores do uso pasivo. Polo tanto, é necesario incluír na participación pública do monte tanto á poboación local e aos propietarios coma aos usuarios directos e indirectos dos bens e servizos que xera o monte.

4.5. FASES DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA

Segundo a COST Action FP0804: FORSYS (2010), cada caso particular de participación pública pode incluír fases lixeiramente diferentes, pero en xeral estas dividiríanse en: 1) organización, 2) intelixencia, 3) deseño, 4) elección e 5) seguimento.

No traballo de Martins e Borges (2007) suxírese unha simplificación do proceso de planificación colaborativa segundo os tres pasos seguintes:

- A *identificación do problema*, que consiste na adquisición e na análise de información para comprender e definir a xestión dos problemas sobre o territorio.
- O *problema de modelado*, que consiste na construción de modelos que representen as relacións entre alternativas de manexo, os resultados de interese e os escenarios de xestión da política.
- A *resolución de problemas*, que implica o deseño do plan de manexo forestal.

Segundo Collier e Scott (2009), a participación dos interesados, a consulta, a participación e a inclusión son algúns dos descritores do proceso de colaboración, planificación e xestión máis comunmente utilizados.

4.6. PROS E CONTRAS DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA

4.6.1. Vantaxes da participación pública

A participación pública ofrece unha gran cantidade de vantaxes, que xa se expuxeron en numerosos artigos científicos, vantaxes especialmente visibles cando son aplicadas en ámbitos con realidades forestais que se caracterizan pola súa atomización, como é o caso de Galicia (Marey Pérez, Rodríguez Vicente e Crecente Maseda, 2007). De maneira sintética podemos establecer os seguintes grupos de melloras asociadas á participación pública:

- *Mellorar a comunicación.* A participación pública é unha ferramenta tanto máis eficaz canto máis se basee na confianza mutua, mellorando a comunicación e a cooperación entre todas as persoas involucradas no proceso. Isto pode contribuír a unha silvicultura sostible, aumentando a sensibilización do público, incrementando os beneficios forestais, repartindo os custos e os beneficios de maneira equitativa e, en definitiva, mellorando a aceptación social da silvicultura sostible (Düzgün, 2003). O uso dos movementos sociais pode dar lugar a unha diminución dos propios prexuízos cara ao subsector forestal, fronte a outras partes (Côté e Bouthillier, 2002; Sugimura e Howard, 2008).
- *Xerar coñecemento.* Hansmann *et al.* (2006) indican que os procesos participativos poden ser unha posibilidade para reforzar o coñecemento da poboación para co subsector forestal. A información pode contribuír proporcionando unha certa mellora na calidade das decisións (Côté e Bouthillier, 2002; Sugimura e Howard, 2008). Ademais, destácase a dimensión educativa como unha vantaxe adicional (Buchy e Hoverman, 2000). Polo tanto, a participación pública pode incorporar novos datos e xerar máis coñecemento (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.*, 2006).
- *Achegar administración e goberno aos cidadáns.* O estudo de Berminger *et al.* (2009) conclúe que unha comunicación efectiva e un debate aberto sobre as múltiples implicacións na xestión de diferentes opcións poden xerar actitudes positivas cara á silvicultura entre os axentes locais, facilitando a comprensión da complexidade inherente á tarefa de xestionar grandes áreas de bosque pola súa diversidade de valores, e aumentando a súa confianza nos profesionais forestais.
- *Involucrar a todos os axentes implicados.* Selman (2004) considera a colaboración das partes interesadas como un “*ingrediente esencial na planificación e xestión da paisaxe*”. Ofrecer a oportunidade de participar no proceso de planificación forestal implicará, sen dúbida, que máis persoas consideren a importancia dos bosques (Sugimura e Howard, 2008). Así, entre os motivos polos que a industria está interesada na participación pública cítanse as boas relacións públicas, unha boa relación coas partes interesadas e a redución da crítica dos medios (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.*, 2006).
- *Integrar a sociedade na xestión.* A participación pública mellora a xestión eficaz dos recursos (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.*, 2006). O estudo de Brody *et al.* (2006) identifica algúns dos factores máis importantes que motivan aos silvicultores e aos industriais da madeira a ser membros partícipes na xestión de ecosistemas, concluindo que esa participación pode levar a unha mellora nos resultados da planificación dos recursos, así como contribuír ao logro de metas de xestión por parte destes grupos.
- *Mellorar o desenvolvemento sustentable.* A participación pública é un factor clave para alcanzar estratexias de éxito na conservación (Alexander, 2000), formando parte do desenvolvemento sostible e mellorando a aprendizaxe social (COST Action FP0804: FORSYS, 2010). Os métodos participativos son os máis eficaces

- para lograr a sostibilidade dos recursos naturais (Leskinen, 2004; Mendoza e Pradhu, 2006). Así, os resultados do estudo realizado por Brody *et al.* (2006) sobre as trinta e oito maiores empresas forestais de EE.UU. indicaron que estas, na súa meta de xestionar máis eficazmente os seus recursos, apostaban por unha xestión participada para crear colaboracións e asociacións coas partes interesadas.
- *Previr e resolver conflitos.* Un exemplo de que a participación pública é unha forma efectiva de manexar conflitos forestais é o representado polo grupo *Coidar os bosques de montaña* en Suíza. Neste grupo de traballo, os representantes dos Servizos Forestais Federais e as organizacións non gobernamentais reúnen para discutir a forma de conciliar a xestión dos rodais naturais, a protección contra os riscos (especialmente avalanchas) e a conservación da biodiversidade (Niemelä *et al.*, 2005). Ás veces, cando non se dan procesos de participación pública, as políticas fracasan polo rexeitamento da poboación, que as percibe como unha imposición externa ao non considerarse implicada nas decisións, posto que non reflicten as súas preferencias ou prioridades (Prada *et al.*, 2005).
 - Polo tanto, a participación pública pode servir para reducir os conflitos entre as partes interesadas (Côté e Bouthillier, 2002; Sugimura e Howard, 2008), sendo unha alternativa atractiva fronte aos litixios e aos regulamentos de control (Brody e Cash, 2004; Brody *et al.*, 2006).
 - *Lexitimar a toma de decisións.* Un modelo racional técnico-científico que non incorpore as preocupacións públicas implica dificultades para lograr decisións que sexan aceptables para os cidadáns (Shindler *et al.*, 2002; Sugimura e Howard, 2008). Polo tanto, a participación pública no proceso de toma de decisións mellora as posibilidades de consenso porque permite que as partes interesadas teñan en conta as distintas perspectivas, proporcionándolle ao proceso transparencia e, en consecuencia, dándolles a aquelas maior responsabilidade e peso na decisión final (Higgs *et al.*, 2008). A lexitimidade da decisión final poderá mellorar cando as distintas partes interesadas participen na toma de decisións (Webler *et al.*, 1995; COST Action FP0804: FORSYS, 2010).
 - *Facilitar a execución do plan.* Aínda que a planificación participada require un maior investimento inicial, involucrar aos residentes na fase de planificación pode levar posteriormente a unha diminución dos custos, xa que evitará queixas na fase de execución (Sipilä e Tyrväinen, 2005). Polo tanto, as partes interesadas opóranse en menor medida á execución do plan se están involucradas no proceso (Sugimura e Howard, 2008). A participación na elaboración e na aplicación das decisións políticas, tanto por parte da poboación afectada como dos axentes que as aplicarán, aumenta a probabilidade de que os obxectivos se consigan dunha forma eficaz (Prada *et al.*, 2005).
 - *Paso cara á gobernanza forestal.* Debemos incorporar e aceptar esta nova variable como a única forma de alcanzar unha gobernanza na planificación dos recursos forestais. A súa inclusión traducirase nun fortalecemento da democracia e nunha ampliación da cidadanía (Higgs *et al.*, 2008). Ademais, a planificación par-

participativa mellorará a calidade de vida dos residentes ao ofrecer experiencias positivas de participación e empoderamento, achegando posteriormente coa súa aplicación práctica as propias melloras deseñadas no plan (Sipilä e Tyrväyinen, 2005).

4.6.2. Problemas da aplicación da participación pública

Malia a finalidade en si mesma da participación pública na toma de decisións a distintos niveis e escalas de traballo, a súa aplicación práctica non está exenta de problemas que, hoxe por hoxe, requiren solucións mediante técnicas de investigación aplicada. Nesta liña, destácase como un claro exemplo o estudo realizado en Canadá por Stewart e Sinclair (2007) sobre os procesos de participación pública en proxectos de avaliación ambiental. Entre algúns dos problemas detectados por estes autores durante os distintos traballos, podemos citar os seguintes.

- O elevado custo e a longa duración no tempo da participación pública (Stenseke, 2009). Así, responsables políticos e científicos da xestión teñen manifestado certas críticas con respecto aos enfoques participativos en relación coa súa grande orientación cualitativa e coa súa aparente falta de rigor, coa súa estrutura ou como procedemento sistemático para a análise e interpretación dos datos das partes interesadas (Mendoza e Prabhu, 2005).
- A planificación de recursos naturais é complexa en si mesma, implicando moitas veces un conxunto diverso de intervenientes con perspectivas diferentes sobre os medios e os fins aplicados (Hjortsø, 2004). É dicir, moitos procesos de participación pública en relación co medio poden chegar a obstaculizar un verdadeiro diálogo entre os membros da sociedade civil e os responsables políticos (Swedeen, 2006), e poden estar influenciados pola selección dos participantes, pola súa auto-organización e pola posible implicación en xerarquías, así como pola coordinación e polas regras de decisión dentro dos grupos de discusión (Elasser, 2002). Por outra banda, Suárez de Viveiro *et al.* (2008) fan referencia ao paradoxo da participación: *canto maior sexa o número de actores, máis pequeno é o papel que cada un desempeña, e menor é a importancia dos sectores tradicionais*. Concretando, unha maior descentralización non se traduce necesariamente nunha maior participación. Polo tanto, superar os obstáculos e lograr unha participación efectiva precisa normas claras de participación e negociación (Elasser, 2002).
- Unha aplicación imprudente da participación pública pode producir conflitos coa sociedade local, con efectos no longo prazo sobre a relación e a capacidade local por colaborar (Stenseke, 2009), servindo de canle para desenvolver oposición (Tyrväyinen *et al.*, 2003; Sipilä e Tyrväyinen, 2005). Ademais, a participación pode elevar esaxeradamente as expectativas se a esencia da planificación non é entendida, ou se os principios da toma de decisións non están claros. Na

práctica, a planificación participativa ás veces pode conducir a un compromiso no que as expectativas individuais non se vexan completamente satisfeitas (Tyrväyinen *et al.*, 2003; Sipilä e Tyrväyinen, 2005). No caso concreto da xestión cultural da paisaxe, a participación local é moi eficiente cando o foco se atopa en áreas específicas; porén, non pode substituír á política e á organización administrativa cando se trata de estratexias globais para zonas de grande escala (Selman, 2004; Stenseke, 2009).

5. CONCLUSIÓNS

5.1. ASPECTOS XERAIS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

Segundo Buchy e Hoverman (2000), é imposible responder categoricamente á pregunta de se a participación pública é unha ferramenta de éxito ou non, dado o estreito vínculo coa súa propia finalidade. A esta dificultade súmase que a inclusión da participación pública nos procesos de planificación forestal non conta coa suficiente tradición nin experiencia na súa aplicación. Porén, nos vindeiros anos irase incorporando paulatinamente un maior peso ás achegas da cidadanía na toma de decisións nas diferentes etapas do proceso planificador. Polo tanto, é necesario seguir afondando en como mellorar a participación pública en cada un dos territorios, e máis concretamente no subsector forestal.

Neste sentido, este traballo pon de manifesto que a participación pública é unha necesidade para a sociedade actual e que constitúe unha ferramenta apropiada para construír consenso, xestionar conflitos e mellorar a xestión forestal. Aínda que a súa aplicación na planificación forestal é relativamente recente, e aínda que está dando os seus primeiros pasos na rexión galega, a participación social converteuse nun pilar básico a nivel estratéxico para algúns territorios. É necesario seguir avanzando na busca de novas metodoloxías de participación pública adaptadas a cada territorio –coma o galego– como garantía do seu éxito e de solución aos distintos problemas que se teñen detectado, resolvendo a cuestión básica da representatividade e respondendo a *quen, cando e como pode participar*. A contribución das novas tecnoloxías pode, ademais, proporcionar axilidade, transparencia e equidade na toma de decisións. Así e todo, é necesario aplicar e desenvolver procesos máis intensos de participación pública, entendendo a intensidade como un maior grao de implicación das partes interesadas.

5.2. APLICACIÓN DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA EN GALICIA

Tendo en conta o exposto neste traballo, queda patente a necesidade de abrir un camiño na investigación de cal é o modelo de participación pública máis adecuado en Galicia para a planificación forestal. A súa aplicación nesta Comunidade pode

ser unha oportunidade para o sector forestal (Rodríguez Vicente e Marey Pérez, 2008) partindo das numerosas vantaxes indicadas neste artigo: *xeración de coñecemento para a planificación, prevención e resolución de conflitos, mellora da comunicación entre as partes afectadas, achega da Administración aos cidadáns, lexitimación da toma de decisións e facilitar a execución do plan.*

A obriga legal de redactar “plans de ordenación forestal” e incluír procesos de participación pública determina que este marco estratéxico sexa o máis operativo para iniciar o desenvolvemento de modelos de participación social que resolvan cuestións básicas formuladas nesta revisión: *quen, cando e como pode participar.*

BIBLIOGRAFÍA

- AASETRE, J. (2006): “Perceptions of Communication in Norwegian Forest Management”, *Forest Policy and Economics*, 8, pp. 81-92.
- ALEXANDER, S.E. (2000): “Resident Attitudes towards Conservation and Black Howler Monkeys in Belize: The Community Baboon Sanctuary”, *Environmental Conservation*, 27 (4), pp. 341-350.
- ANANDA, J.; HERATH, G. (2008): “Multi-Attribute Preference Modelling and Regional Land-Use Planning”, *Ecological Economics*, 65, pp. 325-335.
- ARNSTEIN, S.R. (1969): “A Ladder of Citizen Participation”, *Journal of American Institute of Planners*, 35, pp. 216-224.
- ATMIŞ, E.; ÖZDEN, S.; LISE, W. (2007): “Public Participation in Forestry in Turkey”, *Ecological Economics*, 62, pp. 352-359.
- BARSTAD, J. (2004): “A Planner’s View on National Forest Programmes”, en P. Glück e J. Voitleithner [ed.]: *NFP Research: Its Retrospect and Outlook*, pp. 65-82. Viena: Institute of Forest Sector Policy and Economics.
- BEIERLE, T.C.; CAYFORD, J. (2002): *Democracy in Practice: Public Participation in Environmental Decisions. Resources for the Future*. Washington DC, WA: Routledge.
- BERNINGER, K.; KNEESHAW, D.; MESSIER, C. (2009): “Effects of Presenting Forest Simulation Results on the Forest Values and Attitudes of Forestry Professionals and Other Forest Users in Central Labrador”, *Forest Policy and Economics*, 11, pp. 126-133.
- BRODY, S.D.; CASH, S.B. (2004): *Why Resource-Based Industries Should Participate in Collaborative Ecosystem Approaches to Management: A Conceptual Framework*. College Station: Texas A&M University, College of Architecture, Hazard Reduction & Recovery Center.
- BRODY, S.D.; CASH, S.B.; DYKE, J.; THORNTON, S. (2006): “Motivations for the Forestry Industry to Participate in Collaborative Ecosystem Management Initiatives”, *Hazard Forest Policy and Economics*, 8, pp. 123-134.
- BUCHY, M.; HOVERMAN, S. (2000): “Understanding Public Participation in Forest Planning: A Review”, *Forest Policy and Economics*, 1, pp. 15-25.
- CASH, D.; CLARK, W. (2001): *From Science to Policy: Assessing the Assessment. Faculty Research*. (Working Papers Series RWP01-045). Boston, MA: University of Harvard, John F. Kennedy School of Government.
- COLLIER, M.J.; SCOTT, M. (2009): “Conflicting Rationalities, Knowledge and Values in Scarred Landscapes”, *Journal of Rural Studies*, 25, pp. 267-277.

- COST ACTION FP0804 (2010): *Forests Management Decision Support Systems (FORSYS)*. <<http://fp0804.emu.ee/?id=wg4>>.
- CÔTÉ, M.; BOUTHILLIER, L. (2002): "Assessing the Effect of Public Involvement Processes in Forest Management in Quebec", *Forest Policy and Economics*, 4, pp. 213-225.
- DÍAZ BALTEIRO, L.; ROMERO, C. (2008): "Review Making Forestry Decisions with Multiple Criteria: A Review and an Assessment", *Forest Ecology and Management*, 174, pp. 447-457.
- DOMÍNGUEZ, G.; CARBONELL, X.; PLANA, E.; PECURUL, M.; RODRÍGUEZ, I. (2005): "Participación pública en el Plan General de Política Forestal en Cataluña", *IV Congreso Forestal Español*. Zaragoza: Sociedad Española de Ciencias Forestales.
- DOVIE, D.B.K. (2003): "Whose Involvement?- Can Hierarchical Valuation Scheme Intercede for Participatory Methods for Evaluating Secondary Forest Resourceuse?", *Forest Policy and Economics*, 5, pp. 265-283.
- DÜZGÜN, M. (2003): "Advancement of Forest Village Communities through Effective Participation and Partnership in State-Owned Forestry Administration: Turkey's Case", *Congress Paper of the XIIth World Forestry Congress*. <<http://www.fao.org/DOCREP/ARTICLE/WFC/XII/0223-C1.HTM>>. Quebec: The International Forestry Institute.
- ELCOMÉ, D.; BAINES, J. (1999): *Steps to Success. Working with Residents and Neighbours to Develop and Implement Plans for Protected Areas*. Gland: IUCN.
- ELSASSER, P. (2002): "Rules for Participation and Negotiation and their Possible Influence on the Content of a National Forest Program", *Forest Policy and Economics*, 4 (4), pp. 291-300.
- ELSASSER, P. (2007): "Do «Stakeholders» Represent Citizen Interests? An Empirical Inquiry Into Assessments of Policy Aims in the National Forest Programme for Germany", *Forest Policy and Economics*, 9, pp. 1018-1030.
- ESPAÑA. (2003): Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes. *Boletín Oficial del Estado*, nº 280, de 22/11/03.
- ESPAÑA. (2006). Ley 10/2006, de 28 de abril, por la ue se modifica la Ley 43/2003, de 21 de noviembre, de Montes. *Bletín Oficial del Estado*, nº 102, de 29/04/06.
- ESPAÑA. Ley 27/2006, de 18 de julio, en la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente. *Boletín Oficial del Estado*, nº 171, de 19/07/06.
- GALICIA. (2008): Decreto 43/2008, de 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, nº 52, de 13/03/08.
- GERBER, J. (1997): "Beyond Dualism- Tthe Social Construction of Nature and the Natural and Social Construction of Human Beings", *Progress in Human Geography*, 21 (1), pp. 1-17.
- GERMAIN, R.H.; FLOYD, D.W.; STEHMAN, S.V. (2001): "Public Perceptions of the USDA Forest Service Public Participation Process", *Forest Policy and Economics*, 3, pp. 113-124.
- GLÜK, P. (1999): "National Forest Programmes- Significance of a Forest Policy Framework", en P. Glük, G. Oesten, H. Schanz e K.R. Colz [ed.]: *Formulation and Implementation of National Forest Programmes*, pp. 39-51. Joensuu: European Forest Institute.
- GONZÁLEZ, I. (2007): "Los PORF en la Ley de Montes. Historia del artículo 31", *Jornada de Debate sobre PORF*. Madrid: Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria y Alimentaria (INIA), Red Temática Selvired.

- GRUNDMANN, R. (2009): "The Role of Expertise in Governance Processes", *Forest Policy and Economics*, 11 (5), pp. 398-403.
- GUNDERSEN, V.; FRIVOLD, L.H. (2008): "Public Preferences for Forest Structures: A Review of Quantitative Surveys from Finland, Norway and Sweden", *Urban Forestry & Urban Greening*, 7, pp. 241-258.
- HANSMANN, R.; KOELLNER, T.; SCHOLZ, R.W. (2006): "Influence of Consumers' Socioecological and Economic Orientations on Preferences for Wood Products with Sustainability Labels", *Policy and Economics*, 8, pp. 239-250.
- HELLSTRÖM, E. (2001): *Conflict Cultures- Qualitative Comparative Analysis of Environmental Conflicts in Forestry*. (Silva Fennica Monographs, 2). Helsinki: The Finnish Society of Forest Science/The Finnish Forest Research Institute.
- HIGGS, G.; BERRY, R.; KIDNER, D.; LANGFORD, M. (2008): "Using IT Approaches to Promote Public Participation in Renewable Energy Planning: Prospects and Challenges", *Land Use Policy*, 25, pp. 596-607.
- HILTUNEN, V.; KANGAS, J.; PYKÄLÄINEN, J. (2008): "Voting Methods in Strategic Forest Planning Experiences from Metsähallitus", *Forest Policy and Economics*, 10, pp. 117-127.
- HILTUNEN, V.; KURTTILA, M.; LESKINEN, P.; PASANEN, K.; PYKÄLÄINEN, J. (2009): "Mesta: An Internet-Based Decision-Support Application for Participatory Strategic-Level Natural Resources Planning", *Forest Policy and Economics*, 11, pp. 1-9.
- HJORTSØ, C.N. (2004): "Enhancing Public Participation in Natural Resource Management Using Soft OR- An Application of Strategic Option Development and Analysis in Tactical Forest Planning", *European Journal of Operational Research*, 152, pp. 667-683.
- HUNT, L.M.; MCFARLANE, B.L. (2007): "Understanding Self-Evaluations of Effectiveness by Forestry Advisory Committee Members: A Case of Ontario's Local Citizens Committee Members", *Journal of Environmental Management*, 83, pp. 105-114.
- ILO (2000): *Public Participation in Forestry in Europe and North America: Report of the Team of Specialists on Participation in Forestry*. (Report of the FAO/ECE/ILO Joint Committee Team of Specialists on Participation in Forestry). (Working Paper, 163). Geneva: International Labour Office (ILO).
- JANSE, G. (2008): "Communication between Forest Scientists and Forest Policy-Makers in Europe- A Survey on Both Sides of the Science/Policy Interface", *Forest Policy and Economics*, 10, pp. 183-194.
- JANSE, G.; KONIJNENDIJK, C. (2008): "Communication between Science, Policy and Citizens in Public Participation in Urban Forestry- Experiences from the Neighbourhoods Project", *Urban Forestry & Urban Greening*, 6, pp. 23-40.
- KANGAS, J.; RON, S.; KANGAS, R. (2005): "Socioecological Landscape Planning Approach and Multicriteria Acceptability Analysis in Multiple-Purpose Forest Management", *Forest Policy and Economics*, 7, pp. 603-614.
- KANGAS, J.; STORE, R. (2003): "Internet and Teledemocracy in Participatory Planning of Natural Resources Management", *Landscape and Urban Planning*, 62, pp. 89-101.
- KAPLAN, R.; KAPLAN, S.; RYAN, R.L. (1998): *With People in Mind: Design and Management of Everyday Nature*. Washington DC, WA: Island Press.
- KOUPLEVATSKAYA-YUNUSOVA, I.; BUTTOD, G. (2006): "Assessment of an Iterative Process: The Double Spiral of Re-Designing Participation", *Forest Policy and Economics*, 8, pp. 529-541.

- LESKINEN, L.A. (2004): "Purposes and Challenges of Public Participation in Regional and Local Forestry in Finland", *Forest Policy and Economics*, 6, pp. 605-618.
- MAREY PÉREZ, M.F. (2007): "Plan de Ordenación de Recursos Forestales: Distrito I Ferrrol", *Jornada de Debate sobre PORF*. Madrid: Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria y Alimentaria (INIA), Red Temática Selvired.
- MAREY PÉREZ, M.F.; ABOAL, J.; BRUÑA, X. (2007): *Anexo técnico ao proxecto de convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela para a elaboración dos Plans de Ordenación de Recursos Forestais (PORF) en Galiza*. (Documento non publicado).
- MAREY PÉREZ, M.F.; RODRÍGUEZ VICENTE, V.; CRECENTE MASEDA, R. (2007): "Perfil do propietario forestal individual en Galicia: obxectivos e prácticas de xestión no nordeste da Comunidade", *Revista Galega de Economía*, 16 (1), pp. 47-70.
- MARTIN, A. (2002): "On Knowing what Trees to Plant: Local and Expert Perspectives in the Western Ghats of Karnataka", *Geoforum*, 34, pp. 57-69.
- MARTINS, H.; BORGES, J.G. (2007): "Addressing Collaborative Planning Methods and Tools in Forest Management", *Forest Ecology Management*, 248, pp. 107-118.
- MAYER, P. (2004): "The MCPFE and COST E19", en P. Glück e J. Voitleithner [ed.]: *NFP Research: Its Retrospect and Outlook*, pp. 183-194. Vienna: Institute of Forest Sector Policy and Economics.
- MBATU, R.S. (2009): "Forest Policy Analysis Praxis: Modelling the Problem of Forest Loss in Cameroon", *Forest Policy and Economics*, 11, pp. 26-33.
- MCCOOL, S.F.; GUTHRIE, K. (2001): "Mapping the Dimensions of Successful Public Participation in Messy Natural Resources Management Situations", *Society and Natural Resources*, 14, pp. 309-323.
- MENDOZA, G.A.; PRABHU, R. (2005): "Combining Participatory Modeling and Multi-Criteria Analysis for Community-Based Forest Management", *Forest Ecology and Management*, 207, pp. 145-156.
- MENDOZA, G.A.; PRABHU, R. (2006): "Participatory Modeling and Analysis for Sustainable Forest Management: Overview of Soft System Dynamics Models and Applications", *Forest Policy and Economics*, 9, pp. 179-196.
- NIELSEN, A.B.; OLSEN, S.B.; LUNDHEDE, T. (2007): "An Economic Valuation of the Recreational Benefits Associated with Nature-Based Forest Management Practices", *Landscape and Urban Planning*, 80, pp. 63-71.
- NIEMELÄ, J.; YOUNG, J.; ALARD, D.; ASKASIBAR, M.; HENLE, K.; JOHNSON, R.; KURTTILA, M.; LARSSON, T.; MATOUCH, S.; NOWICKI, P.; PAIVA, R.; PORTOGHESI, L.; SMULDERS, R.; STEVENSON, A.; TARTES, U.; WATT, A. (2005): "Identifying, Managing and Monitoring Conflicts between Forest Biodiversity Conservation and Other Human Interests in Europe", *Forest Policy and Economics*, 7, pp. 877-890.
- NIJNIK, M.; ZAHVOYSKA, L.; NIJNIK, A.; ODE, A. (2008): "Public Evaluation of Landscape Content and Change: Several Examples from Europe", *Land Use Policy*, 26, pp. 77-86.
- OJHA, H.R.; CAMERON J.; KUMAR, C. (2009): "Deliberation or Symbolic Violence? The Governance of Community Forestry in Nepal", *Forest Policy and Economics*, 11 (5), pp. 365-374.
- O'NEILL, J. (2001): "Representing People, Representing Nature, Representing the World", *Environment and Planning. C, Government and Policy*, 19 (4), pp. 483-500.
- PANAGOPOULOS, T. (2009): "Linking Forestry, Sustainability and Aesthetics", *Ecological Economics*, 68, pp. 2485-2489.

- PELKONEN, P.; PITKÄNEN, A.; SCHMIDT, P.; OESTEN, G.; PIUSSI, P.; ROJAS, E. [ed.] (1999): *Forestry in Changing Societies in Europe*. Silva Network.
- PENKER, M. (2009): "Landscape Governance for or by the Local Population? A Property Rights Analysis in Austria", *Land Use Policy*, 26, pp. 947-953.
- PRADA BLANCO, A.; VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, M.X.; SOLIÑO MILLÁN, M. (2005): *Beneficios y costes sociales en la conservación de la Red Natura 2000*. Fundación Caixa Galicia, Centro de Investigación Económica y Financiera.
- PRETTY, J.N. (1994): "Alternative Systems of Inquiry for Sustainable Agriculture", *IDS Bulletin*, 25 (2), pp. 37-48.
- PRIMMER, E.; KYLLÖNEN, S. (2006): "Goals for Public Participation Implied by Sustainable Development, and the Preparatory Process of the Finnish National Forest Programme", *Forestry Policy and Economics*, 8, pp. 838-853.
- PURDON, M. (2003): "The Nature of Ecosystem Management: Postmodernism and Plurality in the Sustainable Management of the Boreal Forest", *Environmental Science & Policy*, 6, pp. 377-388.
- RICHARD, T.; BURNS, S. (1998): "Beyond 'Scoping'. Citizens and San Juan National Forest Managers, Learning Together", *Journal of Forestry*, 96 (4), pp. 39-43.
- RODRÍGUEZ VICENTE, V.; MAREY PÉREZ, M.F. (2008): "Sistemas de apoio á propiedade privada forestal e a súa aplicación en Galicia", *Revista Galega de Economía*, 17 (1), pp. 111-130.
- SCARDINA, A.V.; MORTIMER, M.J.; DUDLEY, L. (2007): "Getting Past the who and how Many to the how and why in USDA Forest Service Public Involvement Processes", *Forest Policy and Economics*, 9, pp. 883-902.
- SELMAN, P. (2004): "Community Participation in the Planning and Management of Cultural Landscapes", *Journal of Environmental Planning and Management*, 47, pp. 365-395.
- SEWELL, W.R.D.; O'RIORDAN, T. (1976): *Natural Resources for a Democratic Society: Public Participation in Decision-Making*. Boulder, CO: Westview Press.
- SHANNON, M. (1999): "Moving from the Limits and Problems of Rational Planning toward a Collaborative and Participatory Planning Approach", en P. Glück, G. Oesten, H. Schanz e K.R. Colz [ed.]: *Formulation and Implementation of National Forest Programmes*, pp. 139-151. Joensuu: European Forest Institute.
- SHEPPARD, S.R.J.; MEITNER, M. (2005): "Using Multi-Criteria Analysis and Visualisation for Sustainable Forest Management Planning with Stakeholder Groups", *Forest Ecology and Management*, 207, pp. 171-187.
- SHINDLER, B.A.; BRUNSON, M.; STANKEY, G.H. (2002): *Social Acceptability of Forest Conditions and Management Practices: A Problem Analysis*. (General Technical Report, 537). USDA Forest Service, Pacific Northwest Research Station.
- SHINDLER, B.; NEBURKA, J. (1997): "Public Participation in Forest Planning", *Journal of Forestry*, (January), pp. 17-19.
- SIPILÄ, M.; TYRVÄINEN, L. (2005): "Evaluation of Collaborative Urban Forest Planning in Helsinki, Finland", *Urban Forestry & Urban Greening*, 4, pp. 1-12.
- STENSEKE, M. (2009): "Local Participation in Cultural Landscape Maintenance: Lessons from Sweden", *Land Use Policy*, 26, pp. 214-223.
- STEWART, J.M.P.; SINCLAIR, A.J. (2007): "Meaningful Public Participation in Environmental Assessment: Perspectives from Canadian Participants, Proponents and Government", *Journal of Environmental Assessment Policy and Management*, 9 (2), pp. 161-183.

- SUÁREZ DE VIVERO, J.; RODRÍGUEZ MATEOS, J.C.; FLORIDO DEL CORRAL, D. (2008): "The Paradox of Public Participation in Fisheries Governance. The Rising Number of Actors and the Devolution Process", *Marine Policy*, 32, pp. 319-325.
- SUGIMURA, K.; HOWARD, T.E. (2008): "Incorporating Social Factors to Improve the Japanese Forest Zoning Process", *Forest Policy and Economics*, 10, pp. 161-173.
- SWEDEEN, P. (2006): "Post-Normal Science in Practice: A Q Study of the Potential for Sustainable Forestry in Washington State, USA", *Ecological Economics*, 57, pp. 190-208.
- THOMPSON, J.R.; ELMENDORF, W.F.; MCDONOUGH, M.H.; BURBAN, L.L. (2005): "Participation and Conflict: Lessons Learned from Community Forestry", *Journal of Forestry*, 103 (4), pp. 174-178.
- TILT, J.H.; KEARNEY, A.R.; BRADLEY, G. (2007): "Understanding Rural Character: Cognitive and Visual Perceptions", *Landscape and Urban Planning*, 81, pp. 14-26.
- TULER, S.; WEBLER, T. (1999): "Voices from the Forest: What Participants Expect of a Public Participation Process", *Society and Natural Resources*, 12, pp. 437-453.
- TYRVÄINEN, L.; GUSTAVSSON, R.; KONINENDIJK, C.; ODE, A. (2006): "Visualization and Landscape Laboratories in Planning, Design and Management of Urban Woodlands", *Forest Policy and Economics*, 8, pp. 811-823.
- TYRVÄINEN, L.; SILVENNOINEN, H.; KOLEHMAINEN, O. (2003): "Ecological and Aesthetic Values in Urban Forest Management", *Urban Forestry & Urban Greening*, 1, pp. 135-149.
- WEBLER, T.; KASTENHOLZ, H.; RENN, O. (1995): "Public Participation in Impact Assessment: A Social Learning Perspective", *Environmental Impact Assessment Review*, 15, pp. 443-463.
- WEBER, N.; CHRISTOPHERSEN, T. (2002): "The Influence of Nongovernmental Organizations on the Creation of Natura 2000 During the European Policy Process", *Forest Policy and Economics*, 4, pp. 1-12.
- WHITE, R.M.; FISCHER, A.; MARSHALL, K.; TRAVIS, J.M.J.; WEBB, T.J.; DI FALCO, S.; REDPATH, S.M.; VAN DER WAL, R. (2009): "Developing an Integrated Conceptual Framework to Understand Biodiversity Conflicts", *Land Use Policy*, 26, pp. 242-253.